

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 14 DE MARZO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, suxeita á regulación harmonizada e adxudicación baseada nunha pluralidade de criterios, do servizo de atención e información á cidadanía na Xunta de Galicia (teléfono 012), polo importe de licitación de tres millóns oitocentos vinte e tres mil cento catorce euros con oitenta céntimos (3.823.114,80 €), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de sete millóns cincocentos oitenta e tres mil trinta e sete euros con sesenta céntimos (7.583.037,60).
- Acordo polo que se dá conta da Orde pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, no ano 2024, e do balance da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) sobre procesos selectivos no ano 2023.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria para a adxudicación, mediante poxa pública, en réxime de compra ou alugamento, de locais de negocio e prazas de garaxe propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- Acordo polo que se autoriza someter ao trámite de consulta pública previa a regulación das entidades de certificación de conformidade municipal no ámbito urbanístico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra de mellora da capacidade e seguridade da LU-540 (Viveiro-Cabreiros), treito I, dende o p.q. 4+500 ata o p.q. 20+090, cun orzamento base de licitación de sete millóns oitocentos setenta e nove mil cincocentos cincuenta e oito euros con oitenta céntimos (7.879.558,80 €) e un valor estimado de seis millóns cincocentos doce mil trinta e dous euros con sete céntimos (6.512.032,07 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construción dun novo centro de saúde, feita a título gratuito polo Concello de Vilagarcía de Arousa, a favor do Servicio Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se dá razón do Programa de investimentos para a mellora e ampliación da Rede de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero durante o ano 2024.
- Acordo polo que se informa do balance de situación da muller no mercado de traballo no ano 2023.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se dá conta do investimento en promoción 2023 da Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, para a mellora do posicionamento dos produtos alimentarios galegos e as previsións de 2024.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMNISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe da actividade 2020-2024 no marco do convenio entre o Centro Criptolóxico Nacional e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a folia de ruta para realizar actuacións de eficiencia enerxética nas instalacións do complexo administrativo de San Lázaro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Informe sobre o proxecto Ágora dixital.

CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Informe sobre a dotación ás residencias públicas de maiores de reloxo de xeolocalización para velar pola seguridade daquelas persoas con indicios de deterioración cognitiva.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o avance do proxecto de humanización das salas de espera dos hospitais de día de oncohematoloxía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O CONTRATO DO TELÉFONO 012 POR DOUS ANOS CUN IMPORTE DE CASE 4 M€

O Consello do Goberno galego autorizou o novo contrato do servizo de atención e información á cidadanía da Xunta, que integra no número 012 ata 16 liñas sobre servizos como o emprego, o agro, a vivenda, o turismo, a mocidade ou a xestión de expedientes de discapacidade ou dependencia

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o novo contrato do servizo de atención e información á cidadanía da Xunta de Galicia -o teléfono 012- por un importe de licitación de case 4 millóns de euros. O novo contrato dará comezo o 1 de setembro cun prazo de duración de 24 meses.

O 012, o servizo de atención e información á cidadanía na Xunta de Galicia constitúe un sistema integrado de xestión dotado dos compoñentes tecnolóxicos e dos servizos necesarios para facilitarlle á cidadanía as súas relacións co Goberno galego, e dá servizo a un total de 16 liñas de atención integradas nun número único fácil de lembrar. Así, inclúe ámbitos tan variados como o emprego, o agro, a vivenda, o turismo, a mocidade ou a xestión de expedientes de discapacidade ou dependencia.

O Goberno galego, no ano 2011, centralizou no 012 a xestión de diversos servizos telefónicos da Xunta, co obxectivo de facilitar información e asesoramento tanto en galego, castelán ou inglés, permitindo desta maneira que se poidan levar a cabo trámites de xeito sinxelo e directo, as persoas usuarias poden recibir, ademais de información, solicitudes, formularios e mesmo avisos ou alertas, de ser o caso.

Conta cun sistema de videointerpretación de lingua de signos que garante o acceso de persoas con discapacidade auditiva, en igualdade de condicións, ao teléfono 012. Entre as melloras tecnolóxicas incorporadas nos últimos anos na xestión do servizo destaca tamén unha contorna CRM que permite tanto a atención de chamadas como de correos electrónicos, unha sesión de chat e a emisión de contactos telefónicos.

Teléfonos integrados

Na actualidade están integrados no 012 as seguintes liñas e servizos de información: información administrativa xeral, turística, de vivenda, citacións electrónicas, reclamacións da facturación eléctrica, axuda complementaria ao Bono social de electricidade, valoración na área de dependencia, recoñecemento da área de discapacidade, a liña Arco da Vella e a atención integral en materia de LGTBIfobia; información especializada sobre a área social, o centro de coordinación e apoio á mobilidade persoal, a liña de axuda á infancia, o servizo de voluntariado, mocidade e o Quérote, información administrativa e especializada sobre a muller, atención ás persoas usuarias do Servizo Público de Emprego de Galicia; así como a liña destinada ao agro, gandaría e montes, para avisos de queimas, de niños de velutinas ou de aproveitamentos leñosos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co obxectivo de facilitar o acceso dalgúns colectivos en determinados servizos, a atención préstase os 365 días do ano nas 24 horas do día. En concreto, nas liñas da área social, infancia, muller e emprego. Na de mobilidade persoal está dispoñible a atención telefónica todos os días pero en horario é das 8.00 ás 20.00 horas.

No ano 2023, o servizo telefónico do 012 atendeu mais dun millón de chamadas e case 23.000 correos electrónicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ, A TRAVÉS DA AGASP, UN NOVO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR 127 PRAZAS DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL EN 32 CONCELLOS GALEGOS

- O Consello do Goberno galego deu hoxe o visto e prace á orde coas bases reguladoras da oposición por quenda libre que permitirá a contratación das persoas que superen as probas en réxime laboral temporal ou para formar parte da listaxe de reserva
- No período 2018-2023, a Academia Galega de Seguridade Pública convocou procesos selectivos unitarios con máis de 1.400 prazas de policía local, auxiliares de policía local, vixiantes municipais, oficiais e inspectores
- Un total de 92 concellos teñen delegada na Xunta a competencia para seleccionar e formar os membros dos seu corpos da Policía local

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e prace á convocatoria do proceso selectivo unitario que permitirá cubrir 127 prazas de auxiliar de policía local en 32 concellos galegos. Trátase dun procedemento de oposición por quenda libre, de maneira que as persoas que o superen serán contratadas en réxime laboral temporal nalgún dos concellos que convocan os postos ou formarán parte da listaxe de reserva, no caso de non obter o posto, ou con dereito ao que non elixiron ou aceptaron.

O proceso consta de tres probas que comezan coa de avaliación de coñecementos cun cuestionario de 50 preguntas tipo test e, no caso de non estaren exentos, da de avaliación do coñecemento de lingua galega. A terceira proba é de aptitude física con exercicios de potencia de tren inferior con salto e vertical, e de resistencia, cunha carreira de 1.000 metros lisos. As persoas aspirantes que aproben e as incluídas na listaxe de reserva deberán superar, posteriormente, un curso de formación teórico-práctica na Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) como requisito indispensable para seren contratadas como auxiliares de policía local.

Os 32 concellos que convocan as 127 prazas son A Cañiza, A Estrada, A Guarda, A Illa de Arousa, Baiona, Cambados, Cangas, Gondomar, Marín, Meaño, Moaña, O Grove, O Rosal, Poio, Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa, na provincia de Pontevedra; A Laracha, A Pobra do Caramiñal, Arteixo, Bergondo, Boiro, Camariñas, Carballo, Cedeira, Malpica de Bergantiños, Melide, Miño, Noia e Ponteceso, na provincia da Coruña; así como os concellos ourensáns de Barbadás e O Barco de Valdeorras, e Mondoñedo, en Lugo.

A Xunta coopera desde 2017 cos concellos galegos na selección dos membros dos corpos da Policía local, a través dun convenio de colaboración. Na actualidade, 92 concellos teñen acordos vixentes para delegar no Goberno galego, a través da Agasp, a selección e formación dos membros do seu cadro de persoal da Policía local mediante as convocatorias de procesos selectivos. Supón máis do 72 % dos 127 municipios con corpo de Policía local.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As oposicións convocadas pola Agasp no período 2018-2023 permitiron cubrir máis de 1.400 prazas en distintos municipios: 726 de auxiliares de policía local, 607 da categoría de policía, 57 de oficial, 15 de inspector, 2 de inspector principal e 2 de vixiantes.

A Agasp é o centro de referencia na formación das distintas promocións da Policía local e das categorías de mandos. Actualmente coinciden na academia máis dun cento de alumnos que integran a décimo sexta promoción da Policía local e que realizarán a súa formación ata outubro, e outros 16 aspirantes a prazas de procesos de oficial, inspector, inspector principal e vixiante municipal, que rematan os cursos este mes. As persoas aspirantes que superen a oposición de auxiliar de policía local tamén realizarán a súa formación na academia.

A Academia Galega de Seguridade Pública encárgase da formación das forzas e dos corpos de seguridade en Galicia e tamén dos servizos de emerxencias. Ademais de preparar as novas promocións da Policía local, ofrece cursos con contidos actualizados e adaptados á realidade do seu traballo diario para garantir a seguridade dos galegos e galegas. Desde a súa posta en funcionamento en 1993, formou arredor de 170.000 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ UNHA POXA PARA ADXUDICAR 142 LOCAIS COMERCIAIS E 369 PRAZAS DE GARAXE PROPIEDAD DO IGVS EN EDIFICIOS RESIDENCIAIS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

- Rueda resalta que sairá a poxa para mercar ou alugar todos os inmobles deste tipo que o organismo autonómico “ten dispoñibles actualmente”
- Lembra que o criterio determinante para adxudicalos será “a oferta económica”
- En caso de empate, realizarase unha poxa aberta entre as persoas interesadas por un mesmo inmovible no lugar, data e hora indicados na propia convocatoria
- Salienta que a gran maioría dos inmobles están nas cidades
- O importe base de referencia para comprar os baixos móvese entre os 3.700 € dun local en Ortigueira e os 420.000 € doutro en Ferrol, mentres que, no caso das prazas, o prezo máis baixo é de 2.600 €, en Ferrol, e o máis alto, de 18.516 € en Santiago

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai convocar nas vindeiras semanas unha poxa pública para “adxudicar todas as prazas de garaxe e locais comerciais que o Goberno galego ten dispoñibles actualmente en edificios de promoción pública”. En concreto, os interesados poderán optar á compra ou alugueiro dun total de 142 locais comerciais e 369 prazas de garaxe do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

O Consello da Xunta foi informado hoxe da próxima publicación deste procedemento no *Diario Oficial de Galicia* por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Durante o prazo dun mes, poderán participar na poxa as persoas físicas e xurídicas que presenten como garantía unha fianza equivalente ao 3% do valor que ofrezan pola compra ou o alugamento anual do ben en cuestión.

Transcorrido este prazo, celebrarase un acto público no lugar, data e hora que se indiquen na propia convocatoria para proceder a abrir todas as ofertas económicas admitidas e ler o seu contido. En caso de igualdade entre dúas ou máis ofertas que compitan por un mesmo ben, procederase a realizar nese mesmo momento unha poxa aberta entre os interesados para decidir a quen se lle adxudica.

Tal e como explicou o presidente, todos os baixos e prazas de aparcamento incluídos nesta poxa ofértanse en réxime de compra ou de alugueiro e o criterio de adxudicación que se atenderá será o da proposta “económica máis alta”. En todo caso, “terán preferencia a compra fronte ao arrendamento” e cando se trate dunha praza de garaxe con varios interesados en alugala, primarase a aqueles que residan no edificio no que estea emprazada.

Os adxudicatarios tamén deberán cumprir unha serie de requisitos e obrigas para poder dispoñer destes inmobles. Concretamente, no caso dos locais comerciais, terán que destinalo á actividade descrita na oferta, que non poderá ser potencialmente perigosa, nociva, molesta ou insalubre, nin ir contra do establecido nos estatutos da comunidade de propietarios e nas ordenanzas municipais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, o acondicionamento do inmovible así como a solicitude e a obtención das licenzas necesarias correrán pola súa conta e tamén deberán asumir a contratación dos servizos individuais de auga, gas, electricidade e outros similares. A maiores, o adxudicatario pagará os gastos de notaría e de rexistro, en caso de compra venda, ou a cuota da comunidade correspondente ao local, se se lle asigna o ben en alugueiro.

Por último, a duración do contrato de arrendamento dos locais propiedade do IGVS será de 7 anos, prorrogables por períodos dun ano, a renda actualizarase en función do IPC e o inquilino farase cargo do pagamento do IBI e comprometerase a contratar e manter en vigor durante a vixencia do contrato unha póliza de seguro en beneficio da parte arrendadora e que asegure o ben como mínimo contra incendios e responsabilidade civil.

No caso das prazas de garaxe, a maiores dos gastos xa sinalados, o adxudicatario deberá destinala a albergar un só vehículo e non poderá realizar ningunha obra que altere a súa finalidade. Ademais, o alugueiro das prazas do IGVS será por 1 ano, prorrogable por períodos da mesma duración, e a renda actualizarase anualmente conforme ao IPC.

En canto aos prezos de referencia para poder participar na poxa, Rueda salientou que aparecerán recollidos para cada inmovible na propia convocatoria, variando en función do tamaño, características e localizacións das propiedades.

Así, os importes que, como mínimo, terán que propoñer os interesados nalgún dos baixos comerciais ofertados se moverán entre os 3.700 euros fixados no caso dun local localizado en Ortigueira e os 420.306 euros doutro dispoñible en Ferrol; mentres que para optar a eles en réxime de arrendamento, as ofertas máis baixas oscilarán entre os 111 € ao ano por un baixo en Ortigueira e os 12.600 € por outro na cidade de Ferrol.

En canto ás prazas de garaxe incluídas na poxa pública, os prezos base de referencia para comprar moveranse entre os 2.600 euros dunha praza ofertada en Ferrol e os 18.516 euros doutra en Santiago, mentres que as propostas económicas dos interesados en arrendar irán desde os 78 euros anuais por unha praza localizada en Ferrol ata os 720 euros que, como mínimo, deberán ofertar as persoas interesadas nunha de Vigo.

Concentración do 80% da oferta nas cidades

Aínda que os máis de 500 inmovibles incluídos nesta poxa están distribuídos por toda Galicia —os locais comerciais repártense entre 26 concellos e as prazas de garaxe, entre 13—, Rueda resaltou que “a gran maioría” están nas cidades, o que no caso das prazas de garaxe fai pensar que “haberá unha gran demanda”.

Máis concretamente, dos 142 baixos da Xunta polos que se poderá poxar, 91 están nos municipios da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, mentres que 319 das 369 prazas de garaxe dispoñibles se localizan en inmovibles de VPP das 7 grandes urbes, destacando sobre todo as 106 prazas dispoñibles en Pontevedra ou as 90 de Ferrol.

Cómpre lembrar que este tipo de locais se emprazan en inmovibles de VPP nos que a normativa municipal non permite destinar os baixos a outros usos, mentres que as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prazas de garaxe son consecuencia das normas urbanísticas de cada concello, que obrigan a construír máis dunha praza por vivenda, con diferentes proporcións segundo o municipio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ AOS CONCELLOS PARA AXILIZAR A CONCESIÓN DE LICENZAS DE OBRA REGULANDO O PAPEL DAS ENTIDADES DE CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA

- O Consello acordou hoxe someter a consulta pública previa a elaboración do decreto que establecerá o seu funcionamento no ámbito do urbanismo
- A medida enmárcase na liña de colaboración entre administracións públicas e entidades altamente especializadas para simplificar determinados procedementos
- Para outorgar seguridade xurídica, a regulación concretará o contido que deben ter para cada tipo de actuación as certificacións sobre o cumprimento da normativa e do planeamento vixentes e unificará a documentación que hai que revisar en cada caso
- Tamén se establecerá na normativa un mecanismo de conformidade para que os concellos manifesten que están de acordo con que este tipo de entidades acreditadas colaboren en determinados procedementos

A Xunta regulará a intervención de entidades de certificación privadas en materia urbanística co fin de facilitar aos concellos a tramitación das súas licenzas de obra e de edificación. Desta forma, porase á disposición das administracións locais un mecanismo de apoio externo para certificar que certas actuacións cumpren a legalidade urbanística vixente e o planeamento municipal, paso previo e imprescindible para que o concello poida outorgar a correspondente licenza e que, en ocasións, acaba provocando que as tramitacións municipais neste eido acumulen notables atrasos.

De feito, o obxectivo principal desta medida é axilizar a concesión das licenzas urbanísticas, descargando dunha parte do traballo aos departamentos municipais desta área e evitando así os posibles prexuízos tanto para a cidadanía como para as empresas involucradas nos proxectos.

A tal fin, o Consello acordou hoxe someter a consulta pública previa a partir de mañá, venres, o decreto que regulará a actividade no ámbito urbanístico das entidades de certificación de conformidade municipal. Este trámite permitirá que durante dous meses particulares, promotores, empresas ou profesionais do sector interesados trasladen á Xunta as súas achegas e suxestións para enriquecer o contido da futura norma.

Cómpre lembrar que esta é unha figura legalmente prevista e que se enmarca na colaboración entre as administracións públicas e empresas e profesionais cunha alta especialización técnica para avanzar na simplificación de determinados procedementos.

Precisamente, o ano pasado modificouse a Lei do solo de Galicia para introducir a posibilidade de que os particulares poidan solicitar no seu concello licenzas urbanísticas e facer comunicacións previas sobre obras menores ou a primeira ocupación dun edificio acompañadas pola certificación dunha destas entidades especializadas, que serán as que acrediten que o proxecto respecta a normativa urbanística e o planeamento municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O seguinte paso será a tramitación deste decreto, que permitirá desenvolver a regulación legal necesaria para que a intervención deste tipo de entidades no eido urbanístico se faga con plena seguridade xurídica tanto para os concellos —os únicos que poden conceder as licenzas— como para os promotores de proxectos urbanísticos nos que obter un permiso de obra con rapidez e plenas garantías é fundamental.

A tal fin, o futuro decreto regulará de modo uniforme como deben as entidades colaboradoras expedir as certificacións de conformidade coa normativa urbanística e co planeamento para que lles resulten útiles aos concellos, establecendo os modelos máis adecuados en función de cada tipo de actuación.

Tamén se concretará a documentación urbanística que deben revisar á hora de certificar un proxecto, xa que nestes momentos os aspectos que verifican os concellos á hora de conceder licenzas e de tramitar as comunicacións previas non sempre son uniformes.

Por último, regularase un mecanismo para que os concellos, de forma individual e voluntaria, expresen a súa conformidade coas entidades colaboradoras e se comprometan a non requirir ordinariamente informes técnicos e xurídicos adicionais ás certificacións que estas emitan. Isto permitirá aos promotores e á cidadanía en xeral saber en que municipios poderán acudir a unha entidade deste tipo para axilizar a tramitación das súas licenzas ou comunicacións relacionadas con proxectos urbanísticos.

Esta regulación resultará fundamental para que se poida axilizar a obtención do permiso municipal para realizar actuacións tales como, por exemplo, os actos de edificación que precisen de proxecto de obras; a implantación de calquera instalación de uso residencial; as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores; os muros de contención de terras cunha altura igual ou superior a metro e medio; os grandes movementos de terras e as explanacións, ou as parcelacións, segregacións e outros actos de división de terreos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA 1ª FASE DE MELLORA DA CAPACIDADE E DA SEGURIDADE DA LU-540, ENTRE VIVEIRO E CABREIROS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 8,2 M€

- O Goberno galego iniciará este mesmo mes a contratación da actuación entre os quilómetros 5+000 e 20+090 da vía autonómica, nos municipios de Viveiro e Oourol
- As obras reducirán o tempo da viaxe e aumentarán a seguridade no traxecto entre Viveiro e Lugo con carrís de adiantamento, rectificación de curvas, reforma de interseccións e renovación do firme
- A intervención máis intensa realizarase no treito inicial, entre os puntos quilométricos 5 e 8, cun acondicionamento completo da estrada que incluírá a ampliación da calzada, un terceiro carril e un cambio de sentido
- O acondicionamento desta vía autonómica terá unha segunda fase entre os concellos de Muras e de Xermade, acadando un investimento global de 15 M€
- O Executivo autonómico segue traballando no impulso destas actuacións co obxectivo de reforzar a competitividade das comarcas da Mariña e da Terra Chá, mellorar a seguridade viaria e acadar desprazamentos máis cómodos e eficientes

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o seu visto e prace á contratación das obras da 1ª fase de mellora da capacidade e da seguridade da estrada LU-540 entre Viveiro e Cabreiros, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 5+000 e 20+090, ao paso polos municipios de Viveiro e de Oourol.

A actuación, cuxa licitación autorizou hoxe o Goberno galego suporá un investimento de máis de 8,2 M€, nos cales se inclúe o pagamento dos 146 predios precisos para o acondicionamento dos case 15 quilómetros deste treito da vía autonómica.

O departamento de Infraestruturas da Xunta prevé iniciar este mesmo mes a contratación das obras por importe de 7,8 M€. Avanzará en paralelo co procedementos de expropiacións co obxectivo de comezar a finais deste verán a execución dos traballos, que contan cun prazo de execución de 24 meses.

A autorización hoxe da licitación das obras corresponde coa primeira fase do proxecto de aumento da capacidade da LU-540 en sentido Viveiro-Lugo.

Neste momento, o treito interurbano da estrada LU-540, a partir do punto quilométrico 5, unha vez pasado Landrove, presenta unha alta porcentaxe de prohibición de adiantamento, dun 73 % en sentido Lugo e dun 83 % en sentido Viveiro, e ten curvas de radio reducido.

As obras reducirán o tempo da viaxe e aumentarán a seguridade no traxecto entre Viveiro e Lugo con carrís de adiantamento, rectificación de curvas, reforma de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

interseccións e renovación do firme de todo o treito. Esta intervención fará posible que en todo o trazado se permita circular a 90 km/h.

A intervención máis intensa realizarase no treito inicial da vía, entre os quilómetros 5 e 8, cun acondicionamento integral da vía que incluírá a ampliación da calzada, a dotación dun terceiro carril e a rectificación das curvas, pasando dun radio mínimo de 70 metros a un de 120 metros.

Ademais, incluírase un cambio de sentido na marxe esquerda do punto quilométrico 6+000 e repoñeranse os camiños de servizo afectados.

Arredor do punto 10+300 acometerase a mellora da intersección, en ambas as marxes, que pasarán de estar enfrontadas a aumentar a distancia entre elas, para habilitar carrís centrais para as dúas.

Na contorna do punto quilométrico 14+000 dispórase dun carril adicional de adiantamento e mellorarase a intersección que dá acceso ao núcleo de Oourol.

Ademais, aumentarase a capacidade da vía en sentido Viveiro-Lugo, á altura do punto quilométrico 16+000, coa implantación dun carril para vehículos rápidos, e mellorarase a seguridade viaria na intersección do quilómetro 15+750 incluíndo a reposición de camiños.

Esta intervención completárase co reforzo do firme, que implicará a fresadura nas zonas máis danadas e a reposición da capa de rodaxe nos preto de 15 quilómetros da actuación.

A contratación desta obra supón o inicio da mellora da capacidade e da seguridade desta vía autonómica, que se desenvolverá en dúas fases, logo de terse aprobado no Consello da Xunta do pasado 25 de xaneiro o proxecto de trazado na LU-540, entre Viveiro e Cabreiros, que suporá un orzamento global de 15 M€.


No que se refire á segunda fase do proxecto, os traballos desenvolveranse entre os puntos quilométricos 20+090 e o 39+520, nos concellos de Muras e de Xermade.

Neste treito, as actuacións centraranse no aumento da capacidade da vía nalgúns tramos en rampla, mediante a incorporación dun carril adicional para vehículos rápidos, reducindo a distancia entre os treitos de adiantamento contiguos.

O Goberno galego en funcións segue a avanzar nos obxectivos da actuación de reforzar a competitividade territorial das comarcas da Mariña e da Terra Chá, mellorar a seguridade viaria dos condutores e ofrecerlles aos veciños desprazamentos máis cómodos e eficientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de situación do tramo obxecto das obras obxecto da contratación da 1ª fase:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ACEPTA A PARCELA CEDIDA POLO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA COMEZAR ESTE ANO A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE POR 19 M€

- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará nas próximas semanas unhas obras que terán unha duración de 24 meses
- Os terreos contan cunha superficie de 4.500 m², poderase aumentar o número de consultas con respecto ao actual centro de saúde e crear unha sala de illamento, unha consulta do programa da muller ou unha sala pediátrica integral
- A Consellería de Sanidade ten xa solicitada a licenza municipal de obras para realizar os traballos

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de hoxe, autorizou que o Servizo Galego de Saúde acepte a cesión gratuíta por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa do terreo en que o Goberno galego construírá un novo centro de saúde por 19 millóns de euros.

Despois da aprobación do proxecto de execución da obra, este é un paso previo á licitación dos traballos que a Consellería de Sanidade lle ten encomendados á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e que está previsto que sexa publicada nas vindeiras semanas, previsiblemente no mes de abril. Paralelamente, o pasado mes, o Sergas solicitou a licenza municipal para comezar este mesmo ano a executar as obras, que terán unha duración de 24 meses.

Ampliación de consultas

O plan funcional establecido para o novo centro de saúde de Vilagarcía de Arousa prevé chegar ás 17 consultas de medicina xeral (3 máis que no actual centro de San Roque), outras 17 consultas de enfermaría (4 máis) e 5 tanto de pediatría como de enfermaría pediátrica (1 e 2 máis, respectivamente).

As instalacións contarán tamén con 2 consultas (unha máis en cada área) de farmacia, traballo social, matrona, odontoloxía, hixienista dental ou fisioterapia.

Ademais, o centro terá 5 consultas de docencia en lugar dunha como na actualidade, e incorporaranse áreas como a sala de illamento, a consulta do programa da muller, a sala pediátrica integral, as cabinas de tratamento e os vestiarios do ximnasio de fisioterapia ou as consultas médicas e de enfermaría, para que poidan acudir especialistas do hospital.

O novo centro de saúde disporá dunha superficie construída de máis de 8.400 m² e formúlase con forma de dobre U, xera dúas prazas abertas cara á cidade e cara ás vías ás que dá fronte. Estas prazas, convenientemente orientadas e resgardadas, serven de zona de espera protexida e de antesala ao centro de saúde e ao PAC.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os terreos dispoñibles para a construción do novo centro de saúde sitúanse na avenida da Mariña -terreos portuarios da antiga comandancia- e foron postos á disposición da Administración autonómica grazas a un protocolo asinado entre a Xunta de Galicia, o Concello e Autoridade Portuaria.

Cadro médico ao completo

Ademais de avanzar na construción dunha nova infraestrutura sanitaria na capital aousá, o Sergas ten cubertas todas as prazas de medicina de familia do actual centro de saúde de San Roque e nos vindeiros días publicarase o nomeamento de novos pediatras, incluída a praza pendente de cubrir en Vilagarcía de Arousa. Isto é posible en boa medida pola adxudicación das prazas vacantes grazas a que a Xunta aprobou a primeira lei de España que permite ofrecer por concurso de méritos as prazas sanitarias de difícil cobertura.

Desta forma, no centro sanitario pasan consulta diariamente 24 profesionais de medicina familiar e comunitaria e 5 de pediatría.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA 3,6 M€ PARA REFORZAR A REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO A VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO, QUE CONTARÁ CUN NOVO CENTRO PARA ATENDER MULLERES CON ADICCIÓNS

- Salienta que, deste xeito, se multiplica por catro a partida dirixida a mellorar e ampliar esta rede pública de vivendas seguras
- Lembra que na actualidade ofrécese un total de 84 prazas nas dez casas de acollida ou vivendas tuteladas da Coruña, Ourense, Ferrol, Lugo, Vigo, Burela e Chantada, ás que se sumará un novo centro no Porriño, especializado en atender vítimas con algún trastorno adictivo
- Defende a “necesidade” deste servizo que foi empregado en 2023 por 142 mulleres e 91 menores cun 60 % de ocupación de media na anualidade
- A Rede galega de acollemento vai completarse tamén este ano con cinco centros de crise 24 horas que a Xunta abrirá en Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou hoxe o reforzo con 3,6 millóns de euros da Rede galega de acollemento a vítimas de violencia de xénero que irán destinados a mellorar as dez casas de acollida ou vivendas tuteladas repartidas por toda a Comunidade, á vez que para crear un novo centro no Porriño, que estará especializado en atender aquelas vítimas con algún trastorno adictivo.

“Trátase dunha rede que, por desgraza, segue amosándose moi necesaria”, defendeu Rueda sobre a decisión tomada hoxe en Consello da Xunta do seu “reforzamento” a través de “multiplicar por catro” a partida dirixida a esta rede.

Rueda precisou que, unha parte deste orzamento destinarase a facer obras de reforma nas casas e vivendas da rede galega existentes na Coruña, Ourense, Ferrol, Lugo, Vigo, Burela e Chantada para “modernizalas, eliminar barreiras arquitectónicas e facelas máis cálidas e acolledoras”.

Novo centro no Porriño

Mentres que o segundo destino desta partida de 3,6 millóns de euros —proveniente de fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia— será para construír un centro novo, que se localizará no Porriño, para atender aquelas mulleres vítimas con problemas de adicción.

Ao respecto, o mandatario galego defendeu a necesidade deste centro especializado, xa que explicou que ter algún trastorno aditivo grave provocaba que estas mulleres atopábanse con “máis dificultades para ser acollidas” nestas casas ou vivendas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, a Rede galega de acollemente contará con este novo recurso especializado en vítimas que padecen problemas graves de adicción ao alcohol e a outras substancias. En concreto, Rueda avanzou que contará cun investimento dun millón de euros e será de titularidade municipal.

O titular do Executivo galego en funcións lembrou que a Rede galega de acollemento ofrece na actualidade un total de 84 prazas "que en 2023 foron utilizadas por 142 mulleres e 91 menores, cun grado medio de ocupación ao longo do ano do 60 %". Ademais desta rede, a Xunta conta ademais con tres centros de seguridade existentes en Ourense, A Coruña e Lugo para vítimas da trata.

Cinco centros de crise 24 horas para vítimas da violencia sexual

Precisamente, Rueda tamén salientou que o programa de investimentos hoxe aprobado polo Consello encaixa na posta en funcionamento, antes do 31 de decembro de 2024, de cinco centros de crise na comunidade para atender vítimas da violencia sexual, un obxectivo no cal a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Consellería de Sanidade colaboran.

As obras para a habilitación destes espazos xa están case finalizadas nos hospitais Novoa Santos de Ferrol, Lucus Augusti de Lugo, PAC-Centro de Especialidades de Ourense, Gil Casares de Santiago de Compostela e Álvaro Cunqueiro de Vigo, onde quedarán radicados estes puntos de atención de 24 horas os sete días da semana ás vítimas de violencia de xénero.

Estes cinco centros concentrarán a atención especializada, psicolóxica, xurídica e social que estas mulleres xa viñan recibindo na comunidade, grazas ao pioneiro marco legislativo galego que desde 2007 considera a violencia sexual como violencia de xénero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CREA EMPREGO FEMININO E É A SEGUNDA COMUNIDADE AUTÓNOMA CON MAIOR PROPORCIÓN DE MULLERES QUE COTIZAN Á SEGURIDADE SOCIAL

- O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe o informe *As mulleres no mercado de traballo* no ano 2023 elaborado polo Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo
- A comunidade galega recuperou todo o emprego feminino perdido ao longo da crise económica (xullo 2008-xaneiro 2014) e na actualidade conta con 80.589 empregos femininos máis que en xaneiro de 2014
- Existe un crecemento “constante e sostido” da ocupación feminina nos últimos anos, o que permitiu en 2023 contar coa cifra máis alta desde que hai rexistros (2006)
- Galicia avanza cara á igualdade ao reducirse a taxa de ocupación con respecto á dos homes en 10 puntos desde o ano 2008 e as fendas de xénero, en termos de taxa de actividade, emprego e paro, reducíronse de xeito progresivo
- A industria é o sector coa segunda maior representatividade do emprego feminino en Galicia e as mulleres están a irromper no mercado de traballo en ocupacións que requiren un alto nivel de especialización cunha clara tendencia alcista

Galicia avanza cara á igualdade cun mercado laboral en que a presenza da muller cada vez é maior e as fendas de xénero, en termos de taxa de actividade, emprego e paro, están a reducirse de xeito progresivo. Son as principais conclusións do informe *As mulleres no mercado de traballo 2023* que elaborou o Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo, que depende da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e que coñece hoxe o Consello da Xunta.

Aínda que queda camiño por percorrer, a Comunidade galega, segundo o estudo, está a crear emprego feminino e, de feito, sitúase na actualidade como a segunda con maior proporción de mulleres que cotizán á Seguridade Social respecto do total de afiliacións, por detrás de Asturias. Ademais, o peso da afiliación feminina en Galicia supera o do Estado en case dous puntos. Segundo consta no estudo, a distancia entre as cifras de emprego masculino e feminino estase a reducir de xeito progresivo e tende á converxencia, e a fenda de paro está a diminuír desde 2018.

Máis polo miúdo, o informe reflicte que Galicia recuperou todo o emprego feminino perdido ao longo da crise económica (xullo 2008-xaneiro 2014). A creación de traballo entre as mulleres ao longo de 2023 quedou patente na evolución da súa taxa de ocupación (16 a 64 anos), que medrou en 1,37 puntos con respecto a 2022. O incremento “constante e sostido” da ocupación nos últimos anos permitiu en 2023 contar coa cifra máis alta desde que hai rexistros (2006). Ademais, a diferenza da taxa de ocupación con respecto á dos homes reduciuse en 10 puntos desde 2008. Na actualidade, Galicia conta con 80.589 empregos femininos máis que en xaneiro de 2014.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na comparativa con España, a taxa de ocupación en Galicia no 2023 é 1,99 puntos superior á rexistrada no conxunto do Estado. "Este feito incide nun maior nivel de igualdade da ocupación en Galicia por xénero", apunta o informe.

Con respecto ás cifras do paro, Galicia rexistra a menor taxa de desemprego das mulleres desde o ano 2008. Na comparativa con España, a taxa de paro anual feminina é en Galicia inferior desde o ano 2006. En 2023 a diferenza é de 3,17 puntos.

En canto á taxa de actividade, aumenta no pasado ano ata o 71,62 %, a porcentaxe máis alta publicada. A actividade feminina tivo en xeral unha tendencia ascendente nos últimos 15 anos. De feito, a diferenza con respecto á taxa dos homes diminuíu de xeito notable, pasando dun diferencial de 15,30 puntos en 2008 a 5,35 puntos en 2023. O incremento das mulleres activas produciuse tamén no colectivo máis numeroso, o de mulleres maiores de 44 anos. É un intervalo de idade que acadou o maior número de toda a serie histórica (2006). Ao tempo que aumentan as mulleres activas, diminúe a cifra de inactivas, reducíndose en relación co 2010 (primeiras cifras publicadas) case á metade das mulleres que permanecían inactivas por responsabilidades familiares (-46,91 %).

Por sectores

O informe avalía tamén a situación das mulleres por sectores económicos. Aínda que seguen a empregarse de xeito maioritario no terciario, o estudo destaca que na construción, o sector máis infrarrepresentado entre as mulleres, rexistrou un avance do 25 % con respecto ao 2019. Ademais, a industria é o sector coa segunda maior representatividade do emprego feminino en Galicia.

Así mesmo, a educación, as actividades profesionais, científicas e técnicas, o comercio e as actividades administrativas son as que están a rexistrar un maior incremento de ocupación feminina. Xunto a elas tamén destacan actividades de loxística encadradas na epígrafe de transporte e almacenamento e da industria alimentaria.

O estudo, así mesmo, constata que a maior creación de emprego feminino nos últimos catro anos (19.100 mulleres ocupadas máis), coincide cun alto nivel de cualificación debido ao crecemento das profesionais do ensino (+5.400), pero tamén das profesionais das ciencias e das enxeñarías (+4.900). As mulleres -di o documento- están a irromper no mercado de traballo en ocupacións que requiren un alto nivel de educación e especialización cunha clara tendencia alcista.

Por último, analízanse os salarios e, aínda que queda camiño por percorrer, o estudo sinala que Galicia ten unha fenda salarial inferior á de España e constata que a desviación salarial por xénero para 2022 é a segunda menor rexistrada en toda a serie histórica de datos (1999).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 9,5 M€ AO PLAN DE PROMOCIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DE CALIDADE DIFERENCIADA PARA 2024

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe o proxecto de acordo polo que se toma razón do investimento realizado en promoción no ano 2023, destinado a mellorar o posicionamento dos produtos alimentarios galegos, e estableceu o investimento para este 2024
- Nace do esforzo transversal da Consellería do Medio Rural, contando ademais de coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria, con partidas orzamentarias da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- Esta iniciativa ten como finalidade principal aumentar o posicionamento dos produtos galegos e mellorar os seus prezos para que os produtores poidan conseguir rendas e garantir a sustentabilidade económica de todos os elos da cadea de valor deste eido
- O plan inclúe actividades de carácter institucional, campañas en medios de comunicación, organización de catas concurso, xestións de liñas de axudas e impulso de accións de mercado, como a participación en feiras e noutros eventos comerciais; así como en mercados singulares e outro tipo de circuitos curtos de comercialización

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o proxecto de acordo polo que se toma razón do investimento realizado en promoción no ano 2023, destinado a mellorar o posicionamento dos produtos agroalimentarios galegos. Do mesmo xeito, este documento establece o orzamento previsto para este concepto no presente ano 2024, que ascende aos preto de 9,5 millóns de euros -un millón de euros máis que no 2023-, fortalece así e consolida o compromiso do Goberno autonómico co sector agroalimentario da nosa Comunidade. Esta iniciativa é froito do esforzo transversal da consellería, contando ademais de coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria, con partidas orzamentarias da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Neste sentido, o plan de promoción ten como finalidade principal aumentar o posicionamento dos produtos galegos e mellorar os seus prezos para que os produtores poidan conseguir rendas e garantir así a sustentabilidade económica de todos os elos da cadea de valor do sector alimentario en Galicia.

A promoción -xunto coa formación e a investigación- forma parte das competencias da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dependente da Consellería do Medio Rural, e está principalmente vencellada aos produtos de calidade diferenciada con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida. O esforzo realizado pola Axencia neste eido foi aumentando de xeito paulatino nos últimos anos, cobrando especial intensidade en 2023 e consolidando este crecemento no orzamento do 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dentro da aposta pola promoción que leva a cabo a Axencia, diferéncianse catro grandes grupos de investimento, destinados aos clientes finais -que procuran posicionar os produtos galegos entre os consumidores-, ao sector profesional -como convocatorias e promocións de premios á calidade-, á publicidade -promoción nos medios de produtos amparados por indicativos de calidade diferenciada- e ás liñas de axudas para as accións de promocións realizadas polos consellos reguladores.

O plan de promoción inclúe actividades de carácter institucional, campaña en medios de comunicación, organización de catas e concursos, xestións de liñas de axudas e impulso de accións de mercado, como a participación en feiras e outros eventos comerciais, así como en mercados singulares e noutro tipo de circuítos curtos de comercialización.

Plan de promoción de produtos alimentarios galegos 2023

Esta iniciativa contou no ano 2023 cun orzamento de 8,5 millóns de euros, que lle permitiron á Axencia Galega da Calidade Alimentaria participar en preto de medio cento de actividades promocionais vencelladas cos produtos alimentarios galegos de calidade diferenciada.

Neste contexto, Galicia puido participar en eventos de relevancia nacional como Fitur, Madrid Fusión ou a Barcelona Wine Week, así como outros celebrados na nosa comunidade, como os Festival da Luz ou o Portamérica, nos cales a Axencia estivo presente con postos propios e organizando actividades para todos os públicos, co fin de dar a coñecer os produtos galegos de calidade diferenciada. Así, cómpre lembrar tamén as Catas de Galicia 2023, tanto as de viño, augardentes e licores como as de queixos e mel.

Por outra banda, o Goberno autonómico levou a cabo as campañas publicitarias *Pataca de Galicia. En boca de todos* e *Os catro grandes de Galicia* nos medios de comunicación locais e nacionais, para poñer en valor a indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia e as catro denominacións de orixe protexidas dos queixos galegos (Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla, San Simón da Costa e do Cebreiro).

A Xunta de Galicia afianzou a súa aposta neste eido a través da xestión das liñas de axuda para accións de promoción, coa convocatoria de achegas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior. Ademais, déuselle continuidade á medida 16.41 do PDR que se activara no ano 2022, con accións nas cales a Axencia actúa como axente impulsor da cooperación entre produtores primarios ou microempresas de transformación de produtos agrarios, amparados por algún indicativo de calidade diferenciada, para a creación, mellora, promoción e consolidación de cadeas curtas de distribución e mercados locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CENTRO CRIPTOLÓXICO NACIONAL RECIBIU INFORMACIÓN DE MÁIS DE 1.400 INCIDENTES DE CIBERSEGURIDADE NAS ADMINISTRACIÓNS AUTONÓMICA E LOCAIS DE GALICIA EN 2023

- O Consello recibiu hoxe o informe de actividade dende 2020 no marco do convenio entre o Centro Criptolóxico Nacional (CCN), adscrito ao Centro Nacional de Intelixencia, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
- As notificacións de incidentes a través da ferramenta LUCÍA pasou de algo máis de 400 en 2022 a máis de 1.400 en 2023
- A colaboración entre a Xunta e o CCN inclúe á elaboración de auditorías, formación, intercambio de información, uso de ferramentas de seguridade e programas específicos e desenvolvemento de proxectos
- O CCN notificou en 2023 máis de 1.500 credenciais expostas nas Administracións de Galicia e participou na resolución de ataques
- Uns 24.000 equipos da Xunta e Administracións locais empregan a ferramenta do CCN para protexerse de ataques de *ransomware*, ou secuestro de datos

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia recibiu hoxe o informe sobre a actividade entre 2020 e 2024 no marco do convenio entre o Centro Criptolóxico Nacional e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que sinala que este organismo adscrito ao Centro Nacional de Intelixencia recibiu información sobre máis de 1.400 incidentes de seguridade en 2023.

O informe refírese aos incidentes reportados a través da ferramenta LUCÍA, do CCN, que actualmente empregan a Xunta, o Sergas, e 16 entidades locais, entre deputacións e concellos de máis de 20.000 habitantes. 12 destas entidades locais reportan a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e 4 dispoñen de instancia propia.

Os reportes a través de LUCÍA pasaron de ser algo máis de 400 en 2022 a máis de 1.400 en 2023.

O convenio entre o Centro Criptolóxico Nacional do CNI e a Xunta de Galicia, vixente dende 2020, refírese á elaboración de auditorías, formación, intercambio de información, uso de ferramentas de seguridade e programas específicos e desenvolvemento de proxectos.

Entre os servizos do CCN atópase a ciberintelixencia e a vixilancia dixital, a través dos que notificou en 2023 1.524 credenciais expostas. Tamén foron claves as notificacións a través deste servizo de ciberataques.

Por outra banda, os sensores despregados en redes permitiron detectar 1.280 incidentes en internet dende maio de 2022 e 577 incidentes na rede SARA (que empregan as Administracións) dende marzo de 2016.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Uns 24.000 equipos da Xunta e das Administracións locais empregan a ferramenta microCLAUDIA do CCN para protexerse de ataques de *ransomware*, ou secuestro de datos. Ademais, a Xunta, o Sergas, 3 deputacións e 8 concellos empregan a ferramenta INÉS do CCN para avaliar regularmente os seus sistemas TIC.

Tamén no marco do convenio realizáronse auditorías de ciberseguridade na sede electrónica de Xustiza, no portal de Xustiza, na Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade e na sede electrónica da Xunta.

O CCN colabora na realización anual do Curso Superior de Ciberseguridade da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, na Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Tamén colabora no Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal.

No marco da colaboración co CCN, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia integrouse na Rede Nacional de Centros de Operacións de Seguridade (SOC).

O CCN forma parte do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, no que tamén participan, ademais da Xunta, as 4 deputacións provinciais, os concellos a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, as universidades e as principais empresas de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA FIXA A FOLLA DE RUTA DO PLAN DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DO COMPLEXO ADMINISTRATIVO DE SAN LÁZARO

- Valoraranse diferentes solucións técnicas para reducir como mínimo nun 35 % o consumo enerxético destas instalacións
- Analizarase a viabilidade técnico-económica de implantar a primeira rede de calor e frío (*district heating & cooling*) no sector público autonómico de Galicia
- Un dos obxectivos é substituír o gas natural por unha hibridación de tecnoloxías renovables (xeotermia, aerotermia e biomasa) para subministrar calefacción e refrixeración a todos os edificios deste complexo administrativo
- Con esta actuación, a Xunta ratifica o seu compromiso coa loita contra o cambio climático, pois as melloras contribuirán a reducir o consumo enerxético, eliminar o consumo de combustibles fósiles e diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera

O Consello da Xunta avaliou, na súa reunión desta mañá, a follla da ruta que se vai poñer en marcha para impulsar un plan de aforro e eficiencia enerxética no complexo administrativo de San Lázaro. Analizaranse distintas solucións técnicas co obxectivo de racionalizar o custo enerxético e implantar máis enerxías renovables, cun posible investimento asociado de aproximadamente 7,5 M€.

Tras a toma de datos sobre a situación dos edificios que forman parte deste complexo, o seguinte paso será a realización dunha diagnose enerxética para analizar distintas alternativas que permitan mellorar o confort e a eficiencia das instalacións.

Así, entre outras cuestións, valorarase a viabilidade técnico-económica de implantar a primeira rede de calor e frío (*district heating & cooling*) no sector público autonómico galego. Así, preténdese substituír o gas natural por unha hibridación de tecnoloxías renovables (xeotermia, aerotermia e biomasa) para subministrar calefacción e refrixeración. Tamén se estudarán outros aspectos como unha nova edificación para a sala de máquinas centralizada, a substitución de lámpadas por tecnoloxía led, a mellora do illamento térmico ou a instalación de máis paneis fotovoltaicos para autoconsumo eléctrico.

Con este conxunto de actuacións preténdese acadar unha redución do consumo enerxético de, como mínimo, o 35 %, favorecendo a diminución do gasto público neste eido e evitando a emisión de máis de 500 toneladas de CO₂ ao ano.

Este plan de aforro e eficiencia enerxética no complexo administrativo de San Lázaro é unha nova mostra do compromiso do Goberno autonómico coa loita contra o cambio climático, xa que as melloras que se van introducir contribuirán a reducir o consumo enerxético, eliminar o consumo de combustibles fósiles e diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera. Ademais, a Administración galega adopta un papel exemplarizante neste tipo de actuacións, tanto para a cidadanía como para o resto de entidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso de resultar viable o proxecto, a Xunta conta con poder licitar as obras o ano que vén, unha vez redactados os proxectos técnicos, e poder executar as distintas actuacións entre 2025 e 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA IMPULSA 'ÁGORA DIXITAL', UNHA PLATAFORMA ESPECIALIZADA EN RECURSOS TECNOLÓXICOS E DIXITAIS AO SERVIZO DA DOCENCIA

- Educación traballa na configuración deste espazo que se publicará na primeira quincena de abril e funcionará como punto de encontro de estratexias, ideas e recursos á disposición do profesorado
- Os profesionais educativos terán acceso libre e gratuíto a recursos innovadores creados por profesorado con experiencia e testados en contextos reais de aula
- Os próximos días procederase ao seu lanzamento público con 90 publicacións de diversa índole coa previsión de acadar as 150 antes de que remate o curso
- Incluirá un espazo sobre a implementación da intelixencia artificial a nivel docente
- Trátase dunha ferramenta de apoio ao proceso de aprendizaxe do sistema educativo galego onde o analóxico e o dixital se complementan entre si

A Xunta está ultimando a posta en marcha de Ágora Dixital, unha plataforma especializada en recursos tecnolóxicos e dixitais ao servizo da docencia en Galicia, da cal deu conta hoxe a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través dun informe elevado ao Consello.

Este novo espazo educativo, en que actualmente está traballando o Centro de Innovación Educativa e Dixital, publicarase á volta das vacacións de Semana Santa e concíbese como unha praza aberta da comunidade educativa na cal, á semellanza da ágora da Antiga Grecia, os docentes poden achegarse aos últimos recursos sobre temática STEM e dixital creados por profesorado de diversas materias de niveis non universitarios da educación obrigatoria.

Trátase, por tanto, dun espazo de creación, de coñecemento e de diálogo colaborativo entre o profesorado con máis experiencia docente nestas temáticas cunha proposta de traballo en equipo en que se poidan achegar ideas, estratexias e recursos de calidade e fiables previamente testados en contextos reais na aula.

Esta nova acción está concibida como unha ferramenta máis de apoio ao proceso de aprendizaxe dentro do sistema educativo galego, que se caracteriza pola convivencia dos métodos analóxico e dixital e que se complementan entre si.

Nos próximos días está previsto o seu lanzamento público a través do web do Centro de Innovación Educativa e Dixital. Inicialmente, a plataforma incluirá 90 publicacións de diversa índole que se verán incrementadas ata 150 antes de que remate o curso.

Así pois, logo da súa posta en funcionamento, a dinámica de funcionamento de Ágora Dixital centrarase na colaboración e creación de redes de docentes que poidan enriquecer o ecosistema educativo e dixital galego e a visibilización de boas prácticas de calidade do profesorado do sistema educativo autonómico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estrutura en seis laboratorios

As publicacións estarán estruturadas en seis epígrafes ou laboratorios, denominados LAB: LAB-Microsecuencias, LAB-Espazos, LAB-Estratexias, LAB-Expert, LAB-Ideas e LAB-IA. Estes LAB están configurados como axudas metodolóxicas de distintos tipos (experimentos, propostas de boas prácticas...) de apoio aos docentes para enriquecer o seu labor na aula a través dunha clase guiada. Todos eles presentan unhas características comúns, con etiquetas para clasificar, organizar e facer buscas entre todas as publicacións que se recollen.

O primeiro apartado, LAB-Microsecuencias, consiste en pímulas en aberto e reutilizables, tanto para aprender de maneira flexible como para levar á aula. Están baseadas na micro-aprendizaxe experimental e caracterízanse polo seu formato curto e pluridisciplinar, están categorizadas por nivel educativo, relacionadas co currículo con correspondencia coas competencias clave e son facilmente replicables na aula. Poden ser presentadas como unha pregunta, un reto ou unha afirmación. A modo de exemplo, pódese partir da afirmación *O poder desoxidante da vitamina C*. A partir de aí, ofértaselle ao docente unha pequena introdución do experimento, unha cesta de materiais (laranxa, exprimidor, auga, pinces...), recomendacións técnicas e a guía para que o experimento se poida levar a cabo con toda a seguridade e que cumpra coa súa función didáctica.

No apartado LAB-Espazos, o profesorado atopará consellos para a transformación de espazos educativos innovadores, así como para a creación de novos espazos de aprendizaxe explorando propostas novidosas de experimentación dentro e fóra da aula. Por exemplo, pódese acceder ao proxecto *Espazo de lecer no instituto* xerado por un instituto concreto onde se describa a orixe da idea, as necesidades do alumnado e a mellora da contorna. O resto do profesorado ten acceso a esta proposta que pode servir de guía para replicar no seu centro educativo.

O LAB-Estratexias configúrase como pequenas achegas, moi resumidas, para coñecer e implementar diversas estratexias de aprendizaxe na aula. O seu formato é comprimido e está composto dun plan sinxelo cun vídeo curto explicativo con puntos clave e elementos descargables para unha aplicación doada na aula. Trátase de estratexias docentes con ideas e recursos para captar a atención do alumnado e manter o seu interese.

LAB-Expert abrangue entrevistas e pequenas achegas sobre tendencias emerxentes na educación en formato vídeo curto, onde persoas expertas dan a súa opinión e achegan a súa experiencia en diversos campos temáticos relacionados co mundo dixital e STEM e a educación. Son propostas específicas complementarias sobre temáticas innovadoras e emerxentes que poden resultar de interese para o alumnado. Por exemplo, unha proposta pode ser *Que é a intelixencia artificial verde?* Neste punto os docentes teñen acceso á documentación de expertos así como a unha guía metodolóxica para abordar o tema na aula sacándolle o máximo proveito.

O apartado de LAB-Ideas está concibido como punto de reunión e participación para compartir e recomendar información valiosa para o profesorado en forma de recursos,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

convocatorias, premios, formacións e proxectos, entre outros. Aquí inclúese a posibilidade de acceder a laboratorios virtuais ou de participar en feiras científicas tamén en modo virtual.

Por último, LAB-IA é un espazo que amosa pequenas achegas sobre a implementación da intelixencia artificial a nivel educativo para persoas que desexen iniciarse nesta temática. A integración da IA na educación supón un reto, pero tamén un novo mundo de oportunidades de soporte das tecnoloxías intelixentes no labor docente. Isto é, que o profesorado disporá dun espazo virtual no cal, a través deste LAB, teña a oportunidade de atopar, acceder e explorar información actualizada sobre este tema e que lle resulte de interese para a súa aplicación na aula.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS RESIDENCIAS DE MAIORES DA XUNTA DE GALICIA CONTARÁN CON RELOXOS DE XEOLOCALIZACIÓN

- Estes dispositivos implantaranse inicialmente en catorce centros da rede pública autonómica
- A medida enmárcase no impulso á modernización tecnolóxica dos centros residenciais, un dos piares do novo modelo de coidados de Galicia

A Xunta de Galicia dotará catorce residencias de maiores públicas de reloxos de xeolocalización para velar pola seguridade e tranquilidade das persoas usuarias con indicios de deterioración cognitiva ou posibles problemas de desorientación. O Consello informou sobre a compra de 50 unidades para distribuír entre os centros, as cales lle permitirán ao persoal destes coñecer en todo momento a localización dos residentes cando realizan unha saída ou actividades no exterior.

Estes dispositivos, que teñen o aspecto dun reloxo dixital, xa se probaron de maneira satisfactoria na residencia de maiores de Oleiros, pertencente á rede pública autonómica. Os bos resultados obtidos levan a implantar esta iniciativa a outros centros da Xunta e coa posibilidade de estendela a novos servizos nun futuro. As residencias de maiores seleccionadas son as da Estrada, A Milagrosa e As Gándaras (Lugo), O Carballiño, Carballo, Castro Caldelas, Monforte de Lemos, Marín, A Pobra do Caramiñal, da Porta do Camiño (Santiago de Compostela), Torrente Ballester (A Coruña), Caranza (Ferrol), Burela e Oleiros.

Esta medida enmárcase no impulso á modernización tecnolóxica dos centros residenciais, un dos piares do novo modelo de coidados que está a desenvolver o Goberno galego. Con este fin dotáronse estes servizos de monitores multiparamétricos para medir os datos de saúde das persoas usuarias e habitacións intelixentes con pantallas táctiles e sensores que melloran a comunicación entre o residente e o persoal, e tamén permiten detectar posibles incidencias nas habitacións como, por exemplo, caídas.

Así mesmo, dentro da aposta por aproveitar as vantaxes das novas tecnoloxías, xa se comezaron a utilizar en residencias da nosa comunidade sistemas de rehabilitación virtual que axudan a mellorar as capacidades físicas e cognitivas dos usuarios, así como a facer un seguimento da súa evolución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA LICITARÁ NO PRAZO DUN MES A HUMANIZACIÓN DA SALA DE ESPERA DE ONCOLOXÍA DO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- O obxectivo é facer máis comfortable a estancia dos pacientes con cancro que pasan moito tempo nestas instalacións
- A nova sala contará con espazo para cadeiras de rodas na entrada, puntos de recarga do móbil, aseos adaptados ou máquinas de autoventa
- Salienta que o obxectivo da Xunta é que todos “os grandes hospitais de referencia de Galicia” teñan humanizadas “as salas de espera e tratamento” de Oncoloxía
- Os orzamentos da Xunta de 2024 reservan 1,5 M€ para mellorar as salas de espera de oncohematoloxía do Clínico e dos hospitais de Ferrol, Ourense e Vigo e beneficiar deste xeito a máis de 10.000 pacientes ao ano
- A nova sala de espera do Clínico estará rematada no presente ano e, no caso de Ferrol, Ourense en Vigo, en 2025
- Na Coruña e Lugo xa están operativas e tamén está prevista un espazo semellante no novo Montecelo de Pontevedra

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, destacou hoxe que a Xunta “vai licitar” no prazo dun mes “as obras para humanizar a sala de espera de Oncoloxía do Hospital Clínico de Santiago de Compostela” co obxectivo de que as novas instalacións estean operativas ao longo deste ano.

Tal e como explicou, a nova sala de espera do hospital compostelán “servirá de modelo” para as próximas melloras que se acometan en Ferrol, Vigo e Ourense e que beneficiarán anualmente un número potencial de máis de 10.000 persoas, ás cales se suman familias e achegados que as acompañen.

Para fixar as necesidades da intervención no Clínico, valorada en 600.000 euros, a Consellería de Sanidade, a Xerencia da Área Sanitaria e os responsables do Servizo de Oncoloxía reuníronse cunha representante dos pacientes para ter en conta as súas peticións. Así, acordouse habilitar un espazo para cadeiras de rodas” nas entradas do hospital de día e na sala de espera, instalar chamadores ao persoal de enfermaría, puntos de carga de móbiles, máquinas de autoventa, un aseo para persoas con discapacidade ou butacas con repousabrazos. Todo isto nunha terraza que suporá dispoñer dun espazo máis amplo e con vistas ao monte das Moas, potenciando o impacto positivo nas emocións ao estar en contacto coa natureza.

Outra das melloras para poñer en marcha este ano ten que ver con novos circuitos de información para os pacientes. Para evitar ter que mirar periodicamente cara a unha pantalla, comunicaranse a través de sms e das mensaxes da app SergasMóbil os postos de tratamento, a recollida dos resultados analíticos ou a orde de fabricación de fármacos, que se automatiza en canto se notifica a asistencia do paciente ao centro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Media de estancia de tres horas nos hospitais de día

O obxectivo destas melloras é facer “o máis comfortable posible a estancia aos pacientes e familiares” nos centros sanitarios, especialmente aqueles que teñen que pasar moito tempo nestas instalacións.

No caso do Hospital Clínico Universitario de Santiago, durante o ano 2023 realizáronse 23.764 actos asistenciais no Hospital de Día de Oncoloxía sobre 2.812 pacientes diferentes. En concreto, no que se refire a tratamentos, foron realizados 1.113 tratamentos curtos (menos dunha hora de tratamento), 5.478 tratamentos medios (entre unha e tres horas) e 7.955 tratamentos longos (máis de tres horas). En total utilizan estas instalacións unha media de 175-225 pacientes ao día, ademais das persoas que os acompañan.

En canto á área sanitaria de Vigo, no ano 2023 realizáronse 38.451 actos asistenciais a 3.113 persoas. Respecto da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, o ano pasado realizáronse 17.897 actos asistenciais a 2.995 persoas. E no que se refire á outra área en que se actuará proximamente, a área de Ferrol, no mesmo período realizáronse 20.727 actos asistenciais a 1.564 persoas.

En función das necesidades específicas de cada paciente, o tempo de espera varía e a media sitúase en tres horas, incluída unha hora entre a análise de sangue e a consulta médica e dúas horas entre a consulta médica e o inicio da administración do tratamento. Nos hospitais de día oncolóxicos desenvólvese o coidado integral de pacientes con cancro, que consiste desde nunha análise de sangue, nunha consulta médica, de enfermaría, farmacéutica ou psicolóxica, a unha preparación farmacéutica e a administración dos tratamentos no mesmo día. Existen máis de 300 procedementos diagnósticos e terapéuticos que poden durar desde uns minutos a 8 ou 9 horas.

Próximas actuacións

Actualmente o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e o HULA xa contan con melloras nas súas salas de espera para pacientes con cancro e, no caso de Pontevedra, están previstas no Hospital Novo Montecelo que se está a construír.

A continuación, nas áreas sanitarias de Ferrol, Vigo e Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras está prevista a licitación da redacción do proxecto ao longo deste ano e, en 2025, licitar e executar os traballos de humanización.

Desta forma, tal e como explicou Rueda, os orzamentos da Xunta de 2024 reservan 1,5 M€ para os proxectos destas tres áreas e as obras do Hospital Clínico. “Deste xeito, todos os grandes hospitais de referencia de Galicia terán humanizadas as salas de espera e tratamento de Oncoloxía”, resaltou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

